



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

ANUNCIO

Polo presente faise público que por Resolución da Alcaldía nº 362/2026, do 22/06/2026, aprobouse a contratación laboral temporal de tres (3) peóns forestais en réxime laboral temporal ao abeiro da subvención concedida no marco da Orde do 22 de xaneiro de 2026 da Consellería de Emprego pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.

DATA DE PUBLICACIÓN: 22/06/2026

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE TRES (3) PEÓNS FORESTAIS EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA NO MARCO DA ORDE DO 22 DE XANEIRO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES QUE REGULAN AS SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL, PROGRAMA GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026

EXPEDIENTE: 2026/E001/000002

- 1.- Por Resolución de Alcaldía núm. 321/2026, do 28/05/2026, foron aprobadas as Bases reguladoras da convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 3 peóns forestais.
- 2.- Por Resolución de Alcaldía núm. 331/2026, do 08/06/2026, aprobouse a listaxe remitida polo SPEG concedéndose un prazo de dous días hábiles para subsanacións, alegacións ou reclamacións. Esta resolución está publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Malpica de Bergantiños dende o 08/06/2026.
- 3.- Por Resolución de Alcaldía núm. 339/2026, do 11/06/2026, aprobouse a listaxe definitiva de candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego de Galicia, a designación do tribunal cualificador e o lugar, data e hora da realización da proba práctica.
- 4.- O Tribunal cualificador constituíse o día 16/06/2026 e procedeu a levar a cabo o proceso selectivo.
- 5- Vista a proposta do tribunal cualificador no proceso de selección, mediante oposición, de tres (3) peóns forestais GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO que foi publicada no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Malpica de Bergantiños o día 16/06/2026.
- 6.- Considerando que a proposta de selección que fai o tribunal de selección basease na puntuación obtida polos aspirantes no procedemento, a cal figura a continuación:

CANDIDATOS PROPOSTOS

Nº ORDE	APELIDOS E NOME	DNI	PUNTUACIÓN TOTAL
1	RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, DANIEL	***9775**	10
2	CAMPOS PIÑA, LUÍS ALBERTO	***9608**	9,50
3	LEMA BOTANA, IVÁN	***3554**	9

- 7.- Por Resolución de Alcaldía núm. 349/2026, do 17/06/2026 aceptouse a proposta do tribunal cualificador para a contratación. A proposta e a Resolución de aceptación están publicadas no taboleiro de anuncios electrónico do concello de Malpica de Bergantiños, en

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

datas de 16/06/2026 e 17/06/2026 respectivamente. Concedéndose un prazo de dous días hábiles para a presentación de reclamacións ou alegacións. Que tendo transcorrido o citado prazo sen que se presentasen reclamacións ou alegacións.

8.- Visto que os/as aspirantes seleccionados inicialmente teñen superado o exame médico ao que se refira a base 9ª e teñen presentado a documentación establecida pola base 10ª, resultando a mesma conforme (Expediente 2026/E001/000002).

9.- A disposición final segunda do Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, introduce unha nova disposición adicional novena no texto refundido da Lei de Emprego, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2015, do 23 de outubro, coa seguinte redacción: "*Contratos vinculados a programas de activación para o emprego. 1. As administracións públicas e, de ser o caso, as entidades sen ánimo de lucro poderán realizar contratos para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos neste texto refundido da Lei de Emprego, cuxa duración non poderá exceder de doce meses*".

Polo tanto, á vista desta modificación legal e tendo en conta que os contratos subvencionados polo procedemento TR351G GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO están vinculados a programas de activación para o emprego, tal e como se recolle nas correspondentes bases reguladoras da subvención, deberá empregarse exclusivamente a modalidade de contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Á vista do anterior, de conformidade co disposto na base 10ª da convocatoria, e unha vez que o expediente (fase D) ten sido fiscalizado pola intervención municipal, é polo que e en uso das competencias/facultades que me atribúe o art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro: Contratar como persoal laboral temporal, baixo a modalidade contractual para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, a tempo completo, as persoas que se dirán a continuación, ao abeiro do programa TR351G GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026:

APELIDOS E NOME	DNI
RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, DANIEL	***9775**
CAMPOS PIÑA, LUÍS ALBERTO	***9608**
LEMA BOTANA, IVÁN	***3554**

Obxecto do contrato: Traballos de peón forestal da brigada GALICIA SUMA TALENTO: RURAL ACTIVO 2026 que figura na Memoria do servizo asinada no expediente 2026/A008/000012.

Grupo ou categoría profesional: Peón

Grupo de cotización á seguridade social: 10 Ocupación CNO: 9543 - Peóns forestais e da caza

Código CNAE / letra ocupación: 8411g (letra ocupación g)

Xornada laboral: 37,5 horas semanais (xornada completa: 100%). Que a distribución do tempo de traballo será de 7,5 horas diarias de luns a venres.

O código de contrato para as contratacións que se formalicen a xornada completa é o 405.

A oferta de emprego é a número: 12-2026-5371.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento segundo o artigo 42.b) da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpicadebergantinos.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P1504400A

Os contratos de traballo subscritos deberán comunicarse necesariamente a través da aplicación CONTRAT@, marcando a opción específica “interese social corporacións locais” que figura no punto “Datos específicos do contrato”.

Segundo: Que o contrato terá unha duración total de nove (9) meses, dende o día 25 de xuño de 2026 ata o 24 de marzo de 2027, ámbolos dous inclusive.

Que os salarios de referencia son os establecidos no Convenio colectivo para o sector de actividades forestais, convenio rexistrado e publicado por Resolución de 27 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Traballo (BOE Nº 165, de 11/07/2019) e o disposto no Real Decreto 126/2026, do 18 de febreiro, polo que se fixa o salario mínimo interprofesional para 2026 (BOE núm. 44, do 19/02/2026), establecéndose un salario bruto mensual de 1.424,50 euros/mes (desglosado en salario mensual: 1.221,00 € e prorrata da paga extraordinaria 203,50 €).

Terceiro: Notificar a presente aos/as interesados/as que figuran no parágrafo primeiro e se lles cite para que procedan á sinatura do contrato de traballo.

Cuarto: Dar traslado do presente aos servizos económicos do concello.

Quinto: Facer publica a presente no taboleiro de anuncios electrónico do concello.

O Alcalde - Presidente

Asinado dixitalmente

Eduardo José Parga Veiga